



**LUÍS PIMENTEL**

**María Xesús Nogueira Pereira**



asociación de  
**escritores**  
en lingua galega  
[www.aelg.org](http://www.aelg.org)



XACOBEO 2010  
Galicia

# LUIS PIMENTEL

Maria Xesús Nogueira Pereira



Levareite ó meu reino,  
onde te agarda  
a bandeira da espranza.  
*Luis Pimentel*

Luís Vázquez Fernández, coñecido nas letras galegas polo nome de Luís Pimentel, naceu en Lugo, na céntrica Praza de Santa María, no ano 1895. A cidade das murallas non só será o seu escenario vital apenas abandonado, senón tamén un motivo recorrente na súas composicións poéticas.

Malia ter nacido nos últimos anos do século XIX e iniciado na súa xuventude o contacto coa literatura, a súa poesía, serodia e na súa maioría póstuma, non viu a luz até a década dos cincuenta da nova centuria. O único libro publicado en vida, *Triscos* (1950) é, en realidade, un opúsculo de oito poemas. A el seguiron *Sombra do aire na herba* (1959), preparado por amigos achegados e o poemario en castelán *Barco sin luces* (1960). Os datos biobibliográficos dificultan considerabelmente a adscrición de Pimentel a unha xeración poética pois, se por idade comparteu experiencias cos escritores que asimilaron en Galiza as vanguardas, a data de publicación da súa obra lévanos a situalo na poesía da posguerra.

A condición de escritor bilingüe e o carácter póstumo dunha boa parte da súa obra ocasionaron importantes dúbidas á hora de fixar a versión definitiva de numerosos textos, cuestión que nalgún casos derivou na polémica. Estas vacilacións non eclipsaron porén o recoñecemento dun home atento ás correntes estéticas do seu momento e dono dun rico rexistro poético.

## DATOS BIOGRÁFICOS

### AO ABRIGO DUNHA LÚA DE PROVINCIAS

Como se dixo, Luís Pimentel viu a luz en Lugo, no seo dunha familia acomodada, o que lle permitiu poder desenvolver desde ben cedo as súas inquietudes artísticas, nomeadamente a pintura (da man de seu amigo Jesús Corredoira) e tamén a música. Ambas as dúas afecções infantís, sobre todo esta segunda, mantívoo ao longo da vida e deixaron unha importante pegada na súa poesía:

(O piano -suntuoso- baixo do ceo,  
e o fagot, coa súa voz escura  
e sabor a nozes)

"Pantomima"

Logo de cursar o bacharelato na súa cidade, Pimentel desprazouse a Santiago para estudar Medicina. Foi este un dos escasos afastamentos, que sen dúbida lle había achegar importantes experiencias. Ao se licenciar no ano 1922 en Medicina e Cirurxía, o mozo desprazouse a Madrid para cursar o Doutoramento. Os anos madrileños deixaron fonda pegada na memoria do poeta, que coincidiu, na Residencia de Estudiantes da Institución Libre de Enseñanza, con Juan Ramón Jiménez, Lorca, Dalí e Buñuel. A súa admiración polo primeiro e o interese polos poetas da *Generación del 27* remóntanse a estes anos vividos lonxe da súa cidade.

O regreso a Lugo supuxo o afincamento definitivo para dedicarse ao exercicio da medicina, oficio que lle proporcionou un coñecemento humano máis profundo e algunas imaxes do sufrimento e a morte que se filtraron na súa poesía:

Anoiteceres de Hospital.

O paisaxe fora, como unha radiografía.  
Cristal, níquel...  
E os ollos queimados polo yeso.  
"Sala de visita"

Durante estes anos, Pimentel integrouse na vida intelectual da cidade. Alén da súa presenza nos faladoiros, participou, animado polo seu amigo Evaristo Correa Calderón, na revista *Ronsel*, publicación de signo galeguista que chegou a editar seis números ao longo do ano 1924. Esta empresa, na que tamén colaboraron Ánxel Xoán (Ánxel González) e Álvaro Xil, acolleu nas súas páxinas autores da relevancia de Manuel Antonio, Noriega Varela, Castelao, Ramón Gómez de la Serna, Guillermo de Torre, Cansinos Assens, Teixeira de Pascoaes ou Raul Brandão. Pimentel, ademais de se encargar dos traballos de redacción, asinou tamén pezas líricas en lingua castelán.

As rúas dunha capital de provincia onde se estaba a desenvolver unha importante actividade cultural foron tamén testemuño da amizade que Pimentel trabou co músico Xesús Bal y Gay, con quen compartiu a paixón pola música -en especial por Debussy- e para quen chegou a escribir textos para ballet, en castelán.

A Guerra Civil sacudiu profundamente a vida do poeta, que procurou no silencio e nas paredes da súa casa refuxio para a barbarie e a dor. O pesimismo marcou o seu comportamento intelectual nos anos que seguiron á contenda e o escritor testemuñou o terror nalgún dos seus versos más contundentes:

Ti sabes que todos os días

hai un home morto  
que ningúen coñece aínda,  
en cuxa ollada derradeira  
ficou  
unha praza valeira  
descoñecida para el.  
"Forasteiro"

Os tráxicos acontecementos que seguiron ao levantamento militar frustraron ademais a publicación dun primeiro poemario, escrito en lingua galega, que Pimentel depositaría na editora de Ánxel Casal.

Luís Pimentel viviu os anos da posguerra na súa cidade, dedicado a unha vida sinxela e a un retiro apenas roto pola asistencia aos faladoiros. Invadido, segundo testemuños, pola tristeza e pola mala saúde, seguiu cultivando a escritura poética até a súa morte, no ano 1958.

**A OBRA. A POESÍA É O GRAN MILAGRE DO MUNDO**  
Luís Pimentel é autor dunha obra de reducidas dimensións. A súa producción en galego limitouse ao mencionado libriño *Triscos*, publicado en 1950 con limiar de Ánxel Fole, e a *Sombra do aire na herba*, aparecido postumamente, en 1959, con limiar de Celestino Fernández de la Vega. O corpus completase con algúns poemas soltos. En castelán publicou tamén, como se dixo, *Barco sin luces* (1960) prologado por Dámaso Alonso. Tal brevidade contrasta non obstante coa fondura e a elegancia do verso pimenteliano.

Malia se ter formado o poeta na época de difusión

das vanguardas, a pegada destas non resulta moi evidente na súa estética, que poderíamos definir como unha poesía fundamentalmente intimista e sinxela que sintetiza con todo algunhas das correntes do seu tempo. Galiza e, más concretamente, a súa cidade, son os escenarios nos que se enmarca unha poesía que dá conta, a través de imaxes por veces insólitas, da vida cotiá. O abano de temas que tratou Pimentel na súa obra é tamén restrinxido e poderíamos sintetizalos como segue:

### A CIDADE: AS MURALLAS DORMEN REDONDAS E BRANDAS

A cidade de Lugo, é, como se adiantou, o escenario da poesía de Pimentel. A vida sosegada plásma-se no verso mediante estampas da vida diaria que retratan ademais personaxes anónimos como o neno en bicicleta, a muller do obrero ou as *raparigas loiras*. Desde este espazo a voz do poeta contempla vagaroso o paso do tempo:

As murallas durmen,  
redondas e brandas.  
"Inverno na miña vila"

As paisaxes pimentelianas, caracterizadas polos xogos de luces e sombras -*saco de sombras ao lombo, tebras ao asexo-* atravesan por veces as paredes das edificacións para ofrecernos escenarios interiores decorados con luxo e detalle -*salas do pazo, escalinatas do pazo-*.

A POESÍA: O GRAN



### MILAGRE DO MUNDO

Outro dos temas reiterados ao longo da obra de Luís Pimentel é o da poesía, concibida como milagre revelador. O poeta -qualificado nun verso célebre como *un mestre sen ira*- reflexiona a miúdo sobre a función da propia expresión poética:

Pra eso é o verso, o meu verso,  
o dos poetas escolleitos.  
Pra lle dar eternidade ás cousas.  
"O nome"

Os versos de Pimentel abrense tamén á presenza doutras poetas, como é o caso do admirado Jules Laforgue -que cantara a *lúa de provincias*- e, sobre todo, de Rosalía, a quen dedicou, alén do coñecido poema reproducido nesta escolma, as composicións "Outra vez Rosalía" e "Palabras fúnebres para Rosalía".

### A INFANCIA: ESTRAÑOS NENOS QUE COÑECEN A MORTE

Outro dos temas recorrentes na poesía de Pimentel é o mundo da infancia, desidealizada no poema "Xogo ruín" onde un neno -que creceu e foi daqueles- maltrata con cruesa un paxaro. A lectura social deste texto resulta inevitábel.

Noutras composicións, a mirada do poeta detense nos detalles cotiáns dunha infancia asociada á pobreza ou ao sufrimento, como espallan os títulos "Canzón pra que un neno non durma", "O vals da nena probe", ou versos coma os que seguen:

Mais eisisten nenos solitarios  
estranos nenos  
que conocen a morte.  
"Os nenos"

### A DOR E A MORTE. VERSOS EMPAODADOS DE CINZA

A presenza do tema da dor tingue a poesía de Pimentel dun ton pesimista. En ocasións, a experiencia da dor procede do contacto co ser humano. Outras dun presentimento aciago, más ou menos preciso, insinuado mediante signos anticipatorios da morte:

É inverno...  
Non quixera que esta tarde  
empolvase de cinza o meu verso.  
Pero outra vez,  
a hora dos pianos pechados.

¿Que enterro camiña  
tralo horizonte?  
"Quero cantar sen gaita"

### O TERROR. BANDEIRAS PINGANDO ANILINA

Unha boa parte dos versos pimentelianos están atraídos polo sentimento do medo, expresado mediante unha persoal simboloxía a miúdo vinculada á noite: "¡que medo me dan as frores na noite!" ... ("Nocturno").

A experiencia da Guerra Civil, plasmada no dramático poema "Cunetas" (cuxa autoría ten sido cuestionada), está detrás dun sentimento plasmado en moitos momentos da súa obra:

LUÍS PIMENTEL

¡Outra vez, outra vez o terror!  
Un día e outro día,  
sen campás, sen protesta.  
Galicia ametrallada nas cunetas  
dos seus camíños.  
"Cunetas"

#### GALICIA. CARABELA DE XEADA

Galiza foi tamén preocupación e tema na poesía de Luís Pimentel. No poema homónimo representouna mediante o símbolo dunha *carabela de xeada* sumida nun soño profundo baixo a chuvia, que el, o poeta elixido, debe "fustigar, facer fuxir / os misteriosos cabalos de sombra":

Ou, Galicia, a inmóvil,  
lonxana, envisa,  
soñando diante dun reló de pedra  
que un sol esmacegado move.  
"Galicia"

A obra de Pimentel aborda con fondura unha serie de temas recorrentes de raíz fundamentalmente intimista, áinda que permeábeis á realidade social.



As composicións, de estrutura sinxela, integran imaxes de procedencia diversa, non alleas a algunhas das correntes poéticas do momento como o simbolismo, o decadentismo ou mesmo o surrealismo, que selan con carimbo propio os versos do poeta lugueño: *navallas de lúa / na acera, fío de telaraña / cinza de pérola, brancaos cabalos do estío ou ollos abertos de nenos mortos cravados nas salas do pazo*. A isto cómpre engadir ademais unha singular simboloxía integrada por elementos como o barco, as fontes, as campás, as bandeiras ou as flores.

Valéndose dunha expresión orixinal e delicada, a poesía de Pimentel achéganos á elegancia do máis simple e á transcendencia da vida cotiá:

Agora, un obreiro pasa  
cun espello enriba da súa cabeza.  
I non sabe que vai levando  
o ceo e unhas nubes brancas.  
"Mañá da miña rúa"

A súa é polo tanto unha poética do ser humano e dos seus sentimentos, mais tamén de *todo o insinuante*:

É o trunfo das pequenas cousas.  
"Oración incompleta"

#### ESCOLMA POÉTICA

##### MAÑÁ DA MIÑA RÚA

Entrou a mañá no meu pobo  
tan limpa, tan redonda e pura  
como unha mazá  
sobre un espello.

Hoxe, a miña rúa está aberta.

¿Xogan os anxos  
nas cornisas das casas?

Ela foi a primeira que pasou  
cos seus ledos cadris:  
dous cachos de luz combados abalábanse  
sobre un negro tenro.  
As ventás, despertas,  
ollában caladas, ditosas.

Dúas raparigas loirás páranse,  
unha no sol, outra na sombra.  
Ouro tenro dos seus brazos,  
prata donda dos seus hombros.

Agora, un obreiro pasa  
cun espello enriba da súa cabeza.  
Il non sabe que se vai levando  
o ceo e unhas nubes brancas.

Alónxase, alónxase...  
E pola pulida prata  
esbaran a luz i a sombra.



Torbeliño brillante, veloz...  
un neno en bicicleta.

A rúa remata lonxe,  
coma se fosse ó mar.  
O neno pérdeuse.

¿TÚ QUÉ SABES...?  
¿Tú qué sabes dos milleiros de horas,  
dos séculos que fixeron falla  
pra que os teus seos soporen agora a luz  
num equilibrio perfeito,  
pra que iluminen esta milagrosa estancia?

¿E ese gran esforzo de infinitos instantes  
pra pulir o marfil das túas coxas  
e pra que a túa frente  
poida ser coroada polas rosas?

Milleiros de días e de noites  
pra que o seixo dos teus pés  
seña case lenes alas.  
Pra que a túa voz non pese no aire,  
cántas ferramentas se teñen cegado.  
Cántos silencios  
pra que agora poidan as túas maos  
cortar unha rosa na noite.  
Cánto tempo ollando ó ceo i á terra,  
cántas olladas perdidas  
pra que agora  
poidas bagoar docemente.

##### A ROSALÍA

Non convén chorar mais.  
Ela chorou por todos e pra sempre.

Calemos...

Eu véxote así:  
crespós nas estrelas,  
ollos abertos de nenos mortos nas salas do pazo.

Calemos...

Nos currunchos acendérone os altares do silenco;  
choiva de frores de estameña nos tristes pasadeiros.  
Coa túa boca torta chamas a mortos  
e naufragos dende a solaina,  
antre a brétema, en serán infinda.

Delantal de camposanto e campás antre mar e brétema;  
barco negro e morto no camiño;  
pómulos marelos deformes pola door;  
balcón endexamáis aberto cheo de paxaros e follas secas;  
seios esprimidos hasta a derradeira gota de luz;  
maos antre mirti e lúa, debaixo da auga verde do estanque.

¿Qué fas na serán que está esmorecendo sempre  
ou na noite que endexamais se rematará?

Sin corpo, sin traxe, sin bruído,  
coroa de somas, música de pianos enloitados...  
(Chove sobre das rosas e da escalinata do pazo).

##### INVERNO NA MIÑA VILA

Fino ceo de telaraña  
cinza de pérola.

Un galo canta,  
flama sobre a neve.  
As murallas durmen,  
redondas e brandas.  
Roto o resorte do pobo,  
as voces caen en cabezales  
de nardos.  
Horas sin ferro.  
Reló de fariña:  
neve.  
Salirá a lúa,  
como unha raxa de melón  
fría e dulce.

##### XOGO RUÍN

Aquel neno  
pincháballe os ollos  
ós páxaros;  
e gustáballe ver sair  
esa gotiña  
de ar e de lus,  
ise rocio limpo  
de mañanciñas frescas

Logo votávaos  
a voar  
e reíase de velos  
toupar contra o valado  
da sua casa

con un ruido  
moi triste

.....

Creceu e foi de aquiles.

##### FORASTEIRO

Pra o poeta e amigo Carballo Calero

"Cánto terror  
levamos os homes".

Só estás, nista cidade  
coa que non tes soñado endexamáis.

Relembras os teus sins,  
cuíos sons  
fuxiron xa dos teus ouvidos.

Paseias lentamente  
e con ningún podes  
trocar o teu sorriso.

Ollas pra ise edificio  
sen nais nas fiestras.

Tes medo ós arrabás.

Ti sabes que alí as bandeiras  
están abatidas i esfarrapadas.

Coñeces que existe  
unha hora solitaria  
coroada por un silencio de morte.

Ti sabes que todos os días  
hai un home morto  
que ninguén coñece áinda,  
en cuia ollada derradeira  
ficou  
unha praza valeira  
descoñecida pra il.\*

(\*Todos os textos pertenecen a *Sombra do aire na herba*)



# LUIS PIMENTEL

Maria Xesús Nogueira Pereira



Levareite ó meu reino,  
onde te agarda  
a bandeira da espranza.  
*Luis Pimentel*

Luis Vázquez Fernández, conocido en las letras gallegas por el nombre de Luis Pimentel, nació en Lugo, en la céntrica Plaza de Santa María, en el año 1895. La ciudad de las murallas no sólo será su escenario vital apenas abandonado, sino también un motivo recurrente en sus composiciones poéticas.

A pesar de haber nacido en los últimos años del siglo XIX e iniciado en su juventud el contacto con la literatura, su poesía, tardía y en su mayoría póstuma, no vio la luz hasta la década de los cincuenta de la nueva centuria. El único libro publicado en vida, *Triscos -Pedazos-* (1950), es, en realidad, un opúsculo de ocho poemas. A él siguieron *Sombra do aire na herba* (1959), preparado por amigos cercanos y el poemario en castellano *Barco sin luces* (1960). Los datos biobibliográficos dificultan considerablemente la adscripción de Pimentel a una generación poética pues, si por edad compartió experiencias con los escritores que asimilaron en Galicia las vanguardias, la fecha de publicación de su obra nos lleva a situarlo en la poesía de la posguerra.

La condición de escritor bilingüe y el carácter póstumo de una buena parte de su obra ocasionaron importantes dudas a la hora de fijar la versión definitiva de numerosos textos, cuestión que en algunos casos derivó en la polémica. Estas vacilaciones no eclipsaron sin embargo el reconocimiento de un hombre atento a las corrientes estéticas de su momento y dueño de un rico registro poético.

#### DATOS BIOGRÁFICOS. AL ABRIGO DE UNA LÚA DE PROVINCIAS

Como se dijo, Luis Pimentel vio la luz en Lugo, en el seno de una familia acomodada, lo que le permitió poder desarrollar desde bien temprano sus inquietudes artísticas, principalmente la pintura (de la mano de su amigo Jesús Corredoira) y también la mís-

ca. Ambas aficiones infantiles, sobre todo esta segunda, las mantuvo a lo largo de la vida y dejaron una importante huella en su poesía:

O piano -suntuoso- baixo do ceo, El piano -suntuoso- bajo el cielo,  
e o fagot, coa súa voz escura y el fagot, con su voz oscura  
e sabor a nozes y sabor a nueces  
*"Pantomima"* *"Pantomima"*

Después de cursar el bachillerato en su ciudad, Pimentel se desplazó a Santiago para estudiar Medicina. Fue este uno de los escasos alejamientos, que sin duda le aportarían importantes experiencias. Al licenciarse en el año 1922 en Medicina y Cirugía, el joven se desplazó a Madrid para cursar el Doctoramiento. Los años madrileños dejaron profunda huella en la memoria del poeta, que coincidió, en la Residencia de Estudiantes de la Institución Libre de Enseñanza, con Juan Ramón Jiménez, Lorca, Dalí y Buñuel. Su admiración por el primero y el interés por los poetas de la Generación del 27 se remontan a estos años vividos lejos de su ciudad.

El regreso a Lugo supuso el afincamiento definitivo para dedicarse al ejercicio de la medicina, oficio que le proporcionó un conocimiento humano más profundo y algunas imágenes del sufrimiento y la muerte que se filtraron en su poesía:

Anoñeceres de Hospital.  
O paisaxe fora, como unha radiografía.  
Cristal, níquel...  
E os ollos quemados polo yeso.  
*"Sala de visita"*

Anoñeceres de Hospital.  
El paisaje fuera, como una radiografía.  
Cristal, níquel...  
Y los ojos quemados por el yeso.  
*"Sala de visita"*

Durante estos años, Pimentel se integró en la vida intelectual de la ciudad. Además de su presencia en las tertulias, participó, animado por su amigo Evaristo Correa Calderón, en la revista *Ronsel*, publicación de signo galleguista que llegó a editar seis números a lo largo del año 1924. Esta empresa, en la que también colaboraron Ánxel Xoán (Ánxel González) y Álvaro Xil, acogió en sus páginas autores de la importancia de Manuel Antonio, Noriega Varela, Castelao, Ramón Gómez de la Serna, Guillermo de Torre, Cansinos Assens, Teixeira de Pascoaes o Raul Brandão. Pimentel, además de encargarse de los trabajos de redacción, firmó también piezas líricas en lengua castellana.

Las calles de una capital de provincia donde se estaba desarrollando una importante actividad cultural fueron también testigo de la amistad que Pimentel trajo con el músico Xesús Bal y Gay, con quien compartió la pasión por la música –en especial por Debussy– y para quien llegó a escribir textos para ballet, en castellano.

La Guerra Civil sacudió profundamente la vida del poeta, que buscó en el silencio y en las paredes de su casa refugio para la barbarie y el dolor. El pesimismo marcó su comportamiento intelectual en los años que siguieron a la contienda y el escritor testimonió el terror en algunos de sus versos más contundentes:

Ti sabes que todos os días hai un home morto	Tu sabes que todos los días hay un hombre muerto
que ninguno coñece áinda,	que nadie conoce aún,
en cuxa ollada derradeira ficou	en cuyo mirar último quedó
una plaza vacía descoñecida para el.	unha praza valeira desconocida para él.
	"Forasteiro"
	"Forasteiro"

Los trágicos acontecimientos que siguieron al levantamiento militar frustraron además la publicación de un primer poemario, escrito en lengua gallega, que Pimentel había depositado en la editora de Ánxel Casal.

Luis Pimentel vivió los años de la posguerra en su ciudad, dedicado a una vida sencilla y a un retiro apenas roto por la asistencia a las tertulias. Inválido, según testimonios, por la tristeza y por la mala salud, siguió cultivando la escritura poética hasta su muerte, en el año 1958.

#### LA OBRA. A POESÍA É O GRAN MILAGRE DO MUNDO

Luis Pimentel es autor de una obra de reducidas dimensiones. Su producción en gallego se limita al mencionado librito *Triscos*, publicado en 1950 con prólogo de Ánxel Fole, y la *Sombra do aire na herba*, aparecido póstumamente, en 1959, con prólogo de Celestino Fernández de la Vega. El corpus se completa con algunos poemas sueltos. En castellano publicó también, como se dijo, *Barco sin luces* (1960) prologado por Dámaso Alonso. Tal brevidad contrasta no obstante con la profundidad y la elegancia del verso pimenteliano.

A pesar de haberse formado el poeta en la época de difusión de las vanguardias, la huella de estas no resulta muy evidente en su estética, que podríamos definir como una poesía fundamentalmente intimista y sencilla que sintetiza con todo algunas de las corrientes de su tiempo. Galicia y, más concretamente su ciudad, son los escenarios en los que se enmarca una poesía que da cuenta, a través de imágenes por veces insólitas, de la vida cotidiana. El abanico de temas que trató Pimentel en su obra es también restringido y podríamos sintetizarlos como sigue:

#### LA CIUDAD: AS MURALLAS DORMEN REDONDAS E BRANDAS

La ciudad de Lugo, es, como se adelantó, el escenario de la poesía de Pimentel. La vida sosegada se plasma en el verso mediante estampas de la vida diaria que retratan además personajes anónimos como el niño en bicicleta, la mujer del obrero o las *raparigas loiras* (muchachas rubias). Desde este espacio la voz del poeta contempla tranquilo el paso del tiempo:

As murallas durmen,  
redondas e brandas.  
*"Inverno na miña vila"*

Los paisajes pimentelianos, caracterizados por los juegos de luces y sombras (*saco de sombras ao lombo, tebras ao asexo [saco de sombras a cuestas, tinieblas al acecho]*) atraviesan por veces las paredes de las edificaciones para ofrecernos escenarios interiores decorados con lujo y detalle (*salas do pazo, escalinatas do pazo*).

#### LA POESÍA: O GRAN MILAGRE DO MUNDO

Otro de los temas reiterados a lo largo de la obra de Luis Pimentel es el de la poesía, concebida como milagro revelador. El poeta –calificado en un verso célebre como un *mestre sen ira-* reflexiona a menudo sobre la función de la propia expresión poética:

Pra eso é o verso, o meu verso, Para eso es el verso, mi verso,  
o dos poetas escolleitos. el de los poetas escogidos.  
Pra lle dar eternidade ás cousas. Para darle eternidad a las cosas.  
"O nome" "El nombre"

Los versos de Pimentel se abren también a la presencia de otros poetas, como es el caso del admirado Jules Laforgue –que había cantado la *luna de provincias*– y, sobre todo, de Rosalía, a quien dedicó, además del conocido poema reproducido en esta antología, las composiciones *"Outra vez Rosalía"* y *"Palabras fúnebres para Rosalía"*.

#### LA INFANCIA: ESTRÁÑOS NENOS QUE CONOCEN A MUERTE

Otro de los temas recurrentes en la poesía de Pimentel es el mundo de la infancia, desidealizada en el poema *"Xogo ruín"* donde un niño (*que creceu e foi daquellos*) maltrata con crudeza un pájaro. La lectura social de este texto resulta inevitable.



En otras composiciones, la mirada del poeta se detiene en los detalles cotidianos de una infancia asociada a la pobreza o al sufrimiento, como reflejan los títulos *"Canzón pra que un neno non durma"*, *"O vals da nena probe"*, o versos como los que siguen:

Mais eisisten nenos solitarios Mas existen niños solitarios  
estrano neno extraños niños  
que conocen a morte. que conocen la muerte.  
"Os nenos" "Los niños"

#### EL DOLOR Y LA MUERTE. VERSOS EMPAÑADOS DE CINZA

La presencia del tema del dolor tiñe la poesía de Pimentel de un tono pesimista. En ocasiones, la experiencia del dolor procede del contacto con el ser humano. Otras de un presentimiento ocioso, más o menos preciso, insinuado mediante signos anticipatorios de la muerte:

É inverno... Es invierno...  
Non quixera que esta tarde No quisiera que esta tarde  
empolvase de cinza o meu verso. empolvase de ceniza mi verso.  
Pero outra vez, Pero otra vez,  
a hora dos pianos pechados. la hora de los pianos cerrados.  
¿Que entero camiña ¿Que entero camina  
tralo horizonte? tras el horizonte?  
"Quero cantar sen gaita" "Quiero cantar sin gaita"

#### EL TERROR. BANDERAS PINGANDO ANILINA

Una buena parte de los versos pimentelianos están atravesados por el sentimiento del miedo, expresado mediante una personal simbología a menudo vinculada a la noche:  
"¡Que medo me dan as frores na noite!" ...  
"Nocturno"

La experiencia de la Guerra Civil, plasmada en el dramático poema *"Cunetas"* (cuya autoría ha sido cuestionada), está detrás de un sentimiento plasmado en muchos momentos de su obra:

¡Outra vez, outra vez o terror! ¡Otra vez, otra vez el terror!  
Un día e outro día, Un día y otro día,  
sen campás, sen protesta. sin campanas, sin protesta.  
Galicia ametrallada nas cunetas Galicia ametrallada en las cunetas  
dos seus camiños. de sus caminos.  
"Cunetas" "Cunetas"

#### GALICIA. CARABELA DE XEADA

Galicia fue también preocupación y tema en la poesía de Luis Pimentel. En el poema homónimo la representó mediante el símbolo de una *carabela de xeada* sumida en un sueño profundo bajo la lluvia, que él, o poeta exiliado, debe "fustigar, facer fuxir / os misteriosos caballos de sombra" (fustigar, hacer huir / a los misteriosos caballos de sombra):

Ou, Galicia, a inmóvil,  
lonxana, envísia,  
soñando diante dun reló de pedra  
que un sol esmacegado move.  
"Galicia"

Oh, Galicia, la inmóvil,  
lejana, ensimismada,  
soñando delante de un reloj de piedra  
que un sol descolorido mueve.  
"Galicia"

La obra de Pimentel aborda con profundidad una serie de temas recurrentes de raíz fundamentalmente intimista, aunque permeables a la realidad social.

Las composiciones, de estructura sencilla, integran imágenes de origen diverso, no ajenas a algunas de las corrientes poéticas del momento como el simbolismo, el decadentismo o incluso el surrealismo, que sellan con cuño propio los versos del poeta

lugués: navallas de lúa / na acera, fio de telaraña / cinza de pérola, blancos caballos do estío o ollos abertos de nenos mortos clavados nas salas do pazo\*. A esto hace falta añadir además una singular simbología integrada por elementos como el barco, las fuentes, las campanas, las banderas o las flores.

Valiéndose de una expresión original y delicada, la poesía de Pimentel nos acerca a la elegancia de lo más simple y a la trascendencia de la vida cotidiana:

Agora, un obreiro pasa Ahora, un obrero pasa  
cun espello enriba da súa cabeza. con un espejo encima de su cabeza.  
I non sabe que vai levando Y no sabe que va llevando  
o ceo e unhas nubes brancas. el cielo y unas nubes blancas.  
"Mañá da miña rúa" "Mañana de mi calle"

La suya es por lo tanto una poética del ser humano y de sus sentimientos, mas también de *todo o insignificante*.

Es el triunfo de las pequeñas cosas.  
"Oración incompleta"

\* Navajas de luna / en la acera, hilo de telaraña / ceniza de perla, blancos caballos del estío, ojos abiertos de niños muertos clavados en las salas del pazo.



## ANTOLOGÍA POÉTICA

### MAÑÁ DA MIÑA RÚA

Entró a mañá no meu pobo  
tan limpia, tan redonda e pura  
como unha mazá  
sobre un espello.  
Hoxe, a miña rúa está aberta.  
¿Xogan os anxos  
nas cornisas das casas?  
Ela foi a primeira que pasou  
cos seus ledos cadris:  
dous cachos de luz combados abalábanse  
sobre un negro tenro.  
As ventás, despertas,  
ollában caladas, ditasas.  
Dúas raparigas loiras páranse,  
unha no sol, outra na sombra.  
Ouro tenro dos seus brazos,  
prata donda dos seus hombros.  
Agora, un obreiro pasa  
cun espello enriba da súa cabeza.  
Il non sabe que se vai levando  
o ceo e unhas nubes brancas.  
Alónxuse, alónxase...  
E pola pulida prata  
esbaran a luz i a sombra.  
Torbellino brillante, veloz...  
un neno en bicicleta.  
A rúa remata lonxe,  
coma se fose ó mar.  
O neno pérdece.

### MAÑANA DE MI CALLE

Entró la mañana en mi pueblo  
tan limpia, tan redonda y pura  
como una manzana  
sobre un espejo.  
Hoy, mi calle está abierta.  
¿Juegan los ángeles  
en las cornisas de las casas?  
Ella fue la primera que pasó  
con sus alegres caderas:  
dos trozos de luz combados se balanceaban  
sobre un negro tierno.  
Las ventanas, despertas,  
la miraban calladas, dichosas.  
Dos muchachas rubias se paran,  
una en el sol, otra en la sombra.  
Oro tierno de sus brazos,  
plata blanda de sus hombros.  
Ahora, un obrero pasa  
con un espejo encima de su cabeza.  
El no sabe que va llevando  
el cielo y unas nubes blancas.  
Se aleja, se aleja...  
Y por la pulida plata  
resbalan la luz y la sombra.  
Torbellino brillante, veloz...  
un niño en bicicleta.  
La calle acaba lejos,  
como si fuera al mar.  
El niño se pierde.

## FILIACIÓN DEL TITULAR:

Apellidos	Vázquez Fernández
Nombre	Luís
Nacionalidad	Española
Lugar del nacimiento	Lugo
Fecha del nacimiento	18 Diciembre de 1895
Domicilio	Lugo
Profesión	Músico



### ¿TÚ QUÉ SABES...?

¿Tú qué sabes dos milleiros de horas,  
dos séculos que fixeron falla  
pra que os teus seos soporten agora a luz  
nun equilibrio perfeito,  
pra que iluminen esta milagrosa estancia?  
¿Ese gran esforzo de infinitos instantes  
pra pulir o marfil das túas coxas  
e pra que a tua frente  
poída ser coroada polas rosas?

Milleiros de días e de noites  
pra que o seixo dos teus pés  
seña case lenes alas.  
Pra que a tua voz non pese no aire,  
cántas ferramentas se teñen cegado.  
Cántos silencios  
pra que agora poídan as túas maos  
cortar unha rosa na noite.  
Cánto tempo ollando ó ceo i á terra,  
cántas olladas perdidas  
pra que agora  
poídas bagoar docemente.

### ¿TÚ QUÉ SABES...?

¿Tú qué sabes de las miles de horas,  
de los siglos que hicieron falta  
para que tus senos soporten ahora la luz  
en un equilibrio perfecto,  
para que iluminen esta milagrosa estancia?  
¿Ese gran esfuerzo de infinitos instantes  
para pulir el marfil de tus muslos  
y para que tu frente  
pueda ser coronada por las rosas?  
Miles de días y de noches  
para que el guijarro de tus pies  
sea casi leves alas.  
Para que tu voz no pese en el aire,  
cuántas herramientas se han deslumbrado.  
Cuántos silencios  
para que ahora puedan tus manos  
cortar una rosa en la noche.  
Cuánto tiempo mirando al cielo y a la tierra,  
cuántas miradas perdidas  
para que ahora  
puedas llorar dulcemente.

## A ROSALÍA

Non convén chorar mais.  
Ela chorou por todos e pra sempre.  
Calemos...  
Eu vêxote así:  
crespós nas estrelas,  
ollos abertos de nenos mortos nas salas do pazo.  
Calemos...  
Nos currunchos acendéronse os altares do silencio;  
choia de frores de estameña nos tristes pasadelos.  
Coa tua boca torta chamas a mortos  
e náufragos dende a solaina,  
antre a brétema, en serán infinda.  
Delantal de camposanto e campás antre mar e brétema;  
barco negro e morto no camiño;  
pómulos marelos deformes pola door;  
balcón endexamáis aberto cheo de paxaros e follas secas;  
seios exprimidos hasta a derradeiragota de luz;  
maos antre mrito e lúa, debaixo da auga verde do estanque.  
¿Qué fas na serán que está esmorecendo sempre  
ou na noite que endexamais se rematará?  
Sin corpo, sin traxe, sin bruído,  
coroa de somas, música de pianos enloitados...  
(Chove sobre das rosas e da escalinata do pazo).

## A ROSALÍA

No conviene llorar más.  
Ella lloró por todos y para siempre.  
Callemos...  
Yo te veo así:  
crespones en las estrellas,  
ojos abiertos de niños muertos en las salas del pazo.

Callemos...  
En los rincones se encendieron los altares del silencio;  
lluvia de flores de estameña en las tristes pasadillas.  
Con tu boca torcida llamas a muertos  
y náufragos desde la solana,  
entre la niebla, en tarde infinita.  
Delantal de camposanto y campanas entre mar y niebla;  
barco negro y muerto en el camino;  
pómulos amarillos deformes por el dolor;  
balcón nunca abierto lleno de pájaros y hojas secas;  
senos exprimidos hasta la últimagota de luz;  
manos entre mrito y luna, debajo del agua verde del estanque.  
¿Qué haces en la tarde que está langüideciendo siempre  
o en la noche que jamás se acabará?  
Sin cuerpo, sin traje, sin bramido,  
corona de somas, música de pianos enlutados...  
(Llueve sobre las rosas y la escalinata del pazo).

## INVERNO NA MIÑA VILA

Fino ceo de telaraña  
cinza de pérola.  
Un gallo canta,  
flama sobre a neve.  
As murallas durmen,  
redondas e brandas.  
Roto o resorte do pobo,  
as voces caen en cabezales  
de nardos.  
Horas sin ferro.  
Reló de faría:  
neve.  
Salir a lúa,  
como unha raxa de melón  
fria e dulce.

## INVIERNO EN MI VILLA

Fino cielo de telaraña  
ceniza de perla.  
Un gallo canta,  
llama sobre la nieve.  
Las murallas duermen,  
redondas y blandas.  
Roto el resorte del pueblo,  
las voces caen en cabezales  
de nardos.  
Horas sin hierro.  
Reloj de harina:  
nieve.  
Saldrá la luna,  
como una raja de melón  
fría y dulce.

## XOGO RUÍN

Aquí neno  
pincháballe os ollos  
ós páxaros;  
e gustábole ver sair  
esa gotiña  
de ar e de lus,  
ise rocio limpo  
de mañanciñas frescas  
.....  
Logo votávaos  
a voar  
e reíase de velos  
toupar contra o valado  
da sua casa  
con un ruido  
moi triste  
.....  
Creceu e foi de aquelles.

## FORASTEIRO

Pra o poeta e amigo  
Carballo Calero

"Cánto terror  
levamos os homes".

Só estás, nista cidade  
coa que non les soñado endexamáis.

Relembrais os teus sinos,  
cuios sons  
fuxiron xa dos teus ouvidos.

Paseas lentamente  
e con ningún podes  
trocar o teu sorriso.

Ollas para ese edificio  
sen nais nas fiestras.

Tes medo ó arrabáis.

Ti sabes que ali as bandeiras  
están abatidas e desharapadas.

Coñeces que existe  
unha hora solitaria  
coroada por un silencio de morte.

Ti sabes que todos os días  
hai un home morto  
que ninguno coñece aínda,  
en cuia ollada derradeira  
ficou  
unha praza valeira  
descoñecida pra il.

## JUEGO RUÍN

Aquel niño  
le pinchaba los ojos  
a los pájaros;  
y le gustaba ver salir  
esa gotita  
de aire y de luz,  
ese rocio limpio  
de madrugadas frescas  
.....  
Luego los echaba  
a volar  
y se reía de verlos  
chocar contra la cerca  
de su casa  
con un ruido  
muy triste  
.....  
Creció y fue de aquellos.

## FORASTERO

Para el poeta y amigo  
Carballo Calero

"Cuánto terror  
llevamos los hombres".

Só estás, en esta ciudad  
con la que no has soñado jamás.

Recuerdas tus campanas,  
cuyos sonidos  
huyeron ya de tus oídos.

Paseas lentamente  
y con nadie puedes  
cambiar tu sonrisa.

Miras para ese edificio  
sin madres en las ventanas.

Tienes miedo a los arrabales.

Tú sabes que allí las banderas  
están abatidas y desharapadas.

Conoces que existe  
una hora solitaria  
coronada por un silencio de muerte.

Tú sabes que todos los días  
hay un hombre muerto  
que nadie conoce aún,  
en cuya mirar último  
quedó  
una plaza vacía  
desconocida para él.\*

(\*Todos los textos pertenecen a *Sombra do aire na herba*)



# LUIS PIMENTEL

Maria Xesús Nogueira Pereira



Levareite ó meu reino, I will take you to my kingdom,  
onde te agarda where the flag of hope  
a bandeira da espranza. for you awaits.  
Luis Pimentel

Luis Vázquez Fernández, better known in Galician literature as Luís Pimentel, was born in Lugo in the central square of Praza de Santa María, in 1895. The walled city of Lugo is not only his almost single and permanent living place but also a recurring motif in his poetry.

Though he was born in the last years of the 19<sup>th</sup> century, and he became interested in literature during his youth, his poetry was developed late in life, most of it as posthumous works that were not published until the 1950s. The only book he published in his life was *Triscos [Bits]* (1950), and it is in fact a very small book of eight poems. After that, *Sombra do aire na herba [Shadow of the air in the grass]* (1959) was published as a compilation of his friends and acquaintances, while a poetry collection in Spanish, *Barco sin luces [Ship without lights]* (1960), was also published later. His bio-biographical data make it difficult to include Pimentel in any particular poetry generation: if we consider his age, he shared experiences with the writers who introduced avant-garde movements in Galicia, but the dates in which his works were published locate him in the post-war generation.

The fact that he was a bilingual writer and the posthumous character of most of his work created important doubts regarding the final version of many texts, and in some cases there was considerable controversy surrounding them. These hesitations did not however interfere with the recognition of a man who was attentive to the aesthetic trends of his time and the owner of a rich poetry register.

## BIOGRAPHICAL DETAILS.

### PROTECTED BY A LÚA DE PROVINCIAS [MOON OF THE PROVINCE]

As we have already mentioned, Luis Pimentel was born in Lugo, in a well-to-do family, which allowed him to develop his

artistic interest from a very early age, namely painting (thanks to his friend Jesús Corredoira) and also music. Both these childhood hobbies, especially the second one, were something he did for life and that left an important imprint in his poetry:

(O piano -suntuoso- baixo do ceo,  
e o fagot, coa súa voz escura  
e sabor a nozes)  
  
(The -sumptuous- piano under the sky,  
the bassoon, with its dark voice  
and taste of nuts)  
"Pantomima" ["Pantomime"]

After completing secondary school in his native town, Pimentel moved to Santiago to study Medicine. It was during those short periods away where he would have important experiences. He obtained his degree in Medicine and Surgery in 1922, and after that he moved to Madrid as a young man for his PhD. The years in Madrid left a deep imprint in the memory of the poet, who shared time in the Residencia de Estudiantes da Institución Libre de Enseñanza, with Juan Ramón Jiménez, Lorca, Dalí and Buñuel. His admiration for the former and his interest for the poets of the *Generación del 27* goes back to these years he spent far away from his town.

His return to Lugo meant a definitive settlement to work as a physician. This job gave him a deep knowledge of people and some images of suffering and death that were filtered through his poetry:

Anoiteceres de Hospital.  
O paisaxe fora, como unha radiografía.  
Cristal, níquel...  
E os ollos queimados polo yeso.

Night fall at the Hospital.  
The landscape outside, like a radiography.  
Crystal, nickel...  
and from plaster burnt eyes.  
"Sala de visita" ["Waiting room"]

During these years, Pimentel became part of the intellectual life of the city. Apart from his presence in *faldoiros* (gatherings to discuss political or literary topics), he also participated in the magazine *Ronsel*, encouraged by his friend Evaristo Correa Calderón. This was a Galician nationalist magazine that published six issues in 1924. This was a joint adventure in which others such as Ánxel Xoán (Ánxel González) and Álvaro Xil also took part. Contributors to the magazine included relevant authors such as Manuel Antonio, Noriega Varela, Castelao, Ramón Gómez de la Serna, Guillermo de Torre, Cansinos Assens, Teixeira de Pascoaes or Raul Brandão. Pimentel, apart from editing he also published some poems in Spanish in the magazine.

The streets of this provincial capital where important cultural activities were taking place were also the background for the friendship between Pimentel and musician Xesús Bal y Gay, with whom he shared a passion for music –especially for Debussy– and for whom he managed to write texts for ballet, in Spanish.

The Civil War deeply shattered the poet's life and he had to look for some refuge from brutality and pain in silence and the walls of his house. Pessimism marked his intellectual behaviour in the years after the war and the writer expressed horror in some of his strongest verses:

Ti sabes que todos os días  
hai un home morto  
que ningún coñece áinda,  
en cuxa ollada derradeira  
ficou  
unha praza valeira  
descoñecida para el.  
"Forasteiro"

You know that everyday  
there is a dead man  
nobody yet knows,  
in whose last look  
an empty space  
remained  
for him unknown.  
[Stranger]

The tragic events following the military coup also frustrated the publication of his first poetry collection in Galician, which he had submitted to Ánxel Casal's publishing house.

Luis Pimentel spent the post-war years in his town, leading a simple life and away from the spotlight, with the exception of his attendance to *tertulias*. According to some witnesses, he was invaded by sadness and poor health but continued writing poetry until his death in 1958.

## HIS WORK. A POESÍA É O GRAN MILAGRE DO MUNDO [POETRY IS THE WORLD'S GREATEST MIRACLE]

